



1. ABSOLUTISMO, LIBERALISMO E NACIONALISMO. CONCEPTOS

O ABSOLUTISMO MONÁRQUICO

- Poder ilimitado do rei → O poder procede de Deus.
- Proceso de acumulación de poder ao longo do Antigo Réxime.
- Límites ao poder real:
 - ✓ Diversidade xurídica e administrativa (Monarquías compostas).
 - ✓ Poder señorial e xurisdicional de nobreza e Igrexa.
 - ✓ Cargos públicos e militares en mans da nobreza.
 - ✓ Resistencia de señores e concellos ás demandas do goberno central
 - ✓ Falta de control eficaz sobre o territorio.
 - ✓ Poderes intermedios: asembleas (Cortes, Parlamentos, Estados Xerais).
- Individuo supeditado aos intereses do Estado sen liberdades nin dereitos (**súbditos**).
- Intolerancia relixiosa e censura.
- Non hai dereitos para a persoa detida.

Os reis, imaxe de Deus

Os reis foron chamados **deuses** porque eles son, grazas ao seu poder, a imaxe de Deus e uns mestres ao obedecer o seu dereito. Tamén son **señores** e **propietarios** dos bens e das vidas dos homes.

Soberanos sen ter ningunha persoa por riba deles, e **protectores** porque son escudo e muralla.

Sen os reis a vida humana sería só desorde e confusión.

O mundo non podería existir sen reis. Son unha **segunda alma** do universo, un **contraforte** que aguanta o mundo.

H. DUBOYS, De l'origine et autorité des rois (1604).



Luis XIII (1614-1643)



Richelieu (1582-1642)

O poder soberano só reside **na miña persoa**; é só **por min** polo que os meus tribunais existen e teñen autoridade, e como eles exercen **no meu nome**, o seu uso non se pode virar nunca en contra miña; o poder lexislativo só **é meu**, sen ningunha dependencia nin ningunha partición (...); a orde pública completa **emana de min**, e os dereitos e mailos intereses da miña nación (...) repousan **nas miñas mans**.

Discurso de Luis XV pronunciado perante o
Parlamento de París.




Luis XIV (1643-1715)



Luis XV (1723-1765)

BODIN (1530-1596)



- Monarquía absoluta (non é un poder arbitrario).
- Control do poder do rei por órganos intermedios: consellos, ministros, secretarios e asembleas de representación do pobo (Estados Xerais, Cortes, Dietas).

Xa que non hai nada maior na terra, despois de Deus, máis cós príncipes soberanos, e xa que estes están establecidos por El como os seus lugartenentes, para mandar aos demais homes, cómpre estar en garda respecto á súa calidade, co fin de respectar e venerar a súa maxestade con todo acatamento e de escoitar e falar deles con todo o honor, posto que quen rexeita ao seu príncipe soberano despreza a Deus, de que é a imaxe na terra.

J.BODIN, *Os sete libros da república*, 1576.

BOSSUET (1627-1704)





- O poder do rei procede directamente de Deus e é o executor da vontade divina.
- Poder real ilimitado e sagrado.

O respecto sagrado aos reis

A persoa dos reis é sagrada, e cometer atentados contra eles é un sacrilexio. Deus fíxoos unxir polos seus profetas cunha untura sagrada, do mesmo xeito que fai unxir aos pontífices e fai consagrar os altares. Convén pois, respectar aos reis como cousas sagradas, e quen non queira nin protexelos nin respectalos, é digno de morte.

J.B. BOSSUET, *Política deducida das propias palabras da Sagrada Escritura.*

T. HOBBS (1588-1679)



- A sociedade nasce por um pacto e o Estado por um contrato político.
- O estado de natureza é de continuo conflito (*O home é um lobo para o home*) ⇒ Cada individuo renuncia á súa liberdade e cede o poder a um soberano que garanta a paz: Monarquía absoluta.

A única maneira de erixir tal poder común, de maneira que poida defender da invasión estranxeira e do dano do outro, así como asegurarlles que mediante a súa propia industria e os froitos da terra poidan alimentarse e vivir satisfactoriamente, é **conferir todo o seu poder e forza a un só home**, ou a unha asemblea que poida reducir as súas vontades, por pluralidade de votos, a **unha soa vontade** (...) É unha unidade real de todos eles nunha e a mesma persoa, feita por contrato de cada home con todos os homes. (...)

Esta é a orixe do gran Leviatán, ou quizáis, para falar máis reverentemente, dese deus mortal a quen debemos a nosa paz e defensa.

T. HOBBS, *Leviatán*, 1651.

DESPOTISMO ILUSTRADO



Catalina II de Rusia (1726-96)



Xosé II de Austria (1742-90)

- S.XVIII: Política de reformas ilustradas dentro das monarquías absolutas ⇒ Intereses sociais.
- Federico II de Prusia, Catalina II de Rusia, Xosé II de Austria, Carlos III de España.



O PARLAMENTARISMO INGLÉS

- Parlamento de 2 cámaras: Lores e Comúns.
 - ⇒ Marxinación polo absolutismo dos Estuardo ⇒ A burguesía reclama a supremacía da lei.
- 1628: Carlos I acepta a **PETICIÓN DE DEREITOS** (os impostos deben ser votados no Parlamento).
- Problemas relixiosos: anglicanismo / puritanismo / catolicismo.
- **Guerra Civil (1642-48)**: realistas contra parlamentarios (Cromwell)
 - 1ª REVOLUCIÓN INGLESA**
 - ⇒ Vitoria parlamentaria.
 - ⇒ Decapitación de Carlos I ⇒ Proclamación da **República** (*Commonwealth*).
- Ditadura persoal de **Cromwell**.



Carlos I Estuardo (1625-1649)



Cromwell (1599-1658)
Commonwealt (1649-1660)

- 1660: Restauración da monarquía Estuardo:
 - **Carlos II** (1660-1685)
 - ⇒ **1679: *HABEAS CORPUS ACT***: prohibición de detencións arbitrarias, protección da liberdade persoal e inviolabilidade de domicilio.
 - **Xacobe II** (1685-1688): política absolutista e reinstauración do catolicismo



Reacción do Parlamento: **1688 - 2ª REVOLUCIÓN INGLESA**

- 1689: **Guillerme III** reconece a superioridade do Parlamento.
 - ⇒ ***BILL OF RIGHTS (1689)***
 - Supremacía do Parlamento.
 - Liberdade de imprenta.
 - Defensa da propiedade privada.
 - División de poderes: monarquía parlamentaria.

Habeas Corpus Act (1679)



Carlos II (1660-1685)

Que se declare que, sempre que alguén presente a un dos oficiais ou *sherifs* do cárcere unha solicitude escrita de Habeas Corpus para unha persoa que se atope en detención preventiva (en espera de xuízo), o oficial ou o sherif, de acordo co contido da presente lei, terá que liberar a este prisioneiro no prazo dos tres días seguintes á presentación deste escrito.

The Bill of Rights (1689)

- 1º Que o presunto poder da autoridade real para suspender as leis ou a execución das leis sen o consentimento do Parlamento, é ilegal.
 - 2º Que o pretendido poder da autoridade real de conceder as leis e de executalas, como foi usurpado e exercido no pasado, é ilegal.
 - 4º Que a recadación de diñeiro para a Coroa ou para o uso da mesma, so pretexto de prerrogativa e sen consentimento do Parlamento, para un período de tempo máis longo e dun xeito distinto ao autorizado polo Parlamento, é ilegal.
 - 5º Que é un dereito dos individuos presentarlle peticións ao Rei, e que todo encarceramento por mor destas peticións é ilegal.
 - 6º Que o recrutamento e mailo mantemento dun exército no reino en tempo de paz, sen o consentimento do Parlamento, son contrarios á lei.
 - 8º Que as eleccións dos membros do Parlamento deben ser libres.
 - 9º Que a nin a liberdade de palabra nin a dos debates ou procesos no seo do Parlamento pode ser coartada ou posta en discusión en ningunha Corte nin en ningún outro lugar.
 - 10º Que para lles encontrar un remedio a todos os problemas, corrixir, fortificar e manter as leis, é necesario reunir frecuentemente o Parlamento.
- E esixen e proclaman encarecidamente todo o dito anteriormente como os seus dereitos e liberdades incontestables.

LOCKE

(1632-1704)



Resulta, pois, evidente que a monarquía absoluta, á que certas persoas consideran como único goberno do mundo, é unha realidade incompatible coa sociedade civil e, por iso, non pode nin sequera considerarse como unha forma de poder civil (...).

Ao partirse do suposto de que ese príncipe absoluto reúne en si mesmo o poder lexislativo e o poder executivo sen participación de ninguén, non existe xuíz nin maneira de apelar a ninguén capaz de decidir con xustiza e imparcialidade, e con autoridade para sentenciar, ou que poida remediar ou compensar calquera atropelo ou dano que ese príncipe teña causado, por si mesmo, ou por orde súa.

Dous tratados sobre o goberno civil, 1690.

- A propiedade é un dereito natural que garante a liberdade.
 - ⇒ O traballo e o diñeiro crean desigualdades lexítimas (→ base do capitalismo).
- Os homes pasan do estado de natureza á sociedade civil por un **pacto**:
 - ✓ 1º pacto: para protexer os seus dereitos e conservar a propiedade
 - ✓ 2º pacto: creación da autoridade política (xuíz imparcial entre os intereses individuais)
- Separación de poderes:
 - LEXISLATIVO → Asemblea elexida polos propietarios renovada con frecuencia.
 - EXECUTIVO (inclúe o xudicial) → Monarca e ministros.
 - FEDERATIVO → Relacións internacionais (monarca).
- Lexitimación do Parlamento para destituir ao rei → O poder é consecuencia dun pacto entre cidadáns, non é divino.
- Defensa do dereito de resistencia contra o poder.

A ILUSTRACIÓN

- Mellora da sociedade pola RAZÓN => Confianza no progreso
- Autonomía do poder civil.
- Importancia da educación e do traballo.
- Progreso da ciencia experimental → empirismo: Newton, Locke
- Francia → **PHILOSOPHES**
 - Poder da razón.
 - Crítica aos privilexios e aos abusos.
- Crítica ao absolutismo, ao poder da aristocracia, á credulidade relixiosa e á moral tradicional
- Defensa dos dereitos naturais do home (garantidos na Constitución).
- Virtudes: tolerancia, filantropía, humanitarismo.
- Necesidade de humanizar a xustiza.
- Coñecemento de sociedades distintas á occidental => RELATIVISMO MORAL
- Racionalización => RELIXIÓN NATURAL (DEÍSMO: Deus creador)
- Publicación en Francia da **ENCICLOPEDIA** por **DIDEROT** e **D'ALEMBERT**.
 - Rexeitamento da tradición en nome do progreso.
 - Defensa da tolerancia e do avance científico e técnico.

VOLTAIRE (1694-1778)



- Crítica á relixión tradicional, ao fanatismo e á superstición

→ **DEÍSMO.**

- Crítica ao absolutismo

→ Partidario dunha monarquía con participación aristocrática e burguesa.

→ Rexeita o igualitarismo.

- Estudo global da sociedade: economía, cultura, civilizacións extraeuropeas.

- Partidario da tolerancia e das liberdades civís:

- Fin das detencións arbitrarias.

- Supresión da tortura e da pena de morte.

A actitude da nobreza ante o traballo



O comercio, que enriqueceu os cidadáns en Inglaterra, contribuíu a facelos libres, e esta liberdade estendeu á súa vez o comercio; así se formou a grandeza do Estado. É o comercio o que estableceu pouco a pouco as forzas navais polas que os ingleses son os donos dos mares.

Todo iso dálle un xusto orgullo a un mercador inglés, e fai que se atreva a compararse, non sen certa razón, cun cidadán romano. Tampouco o irmán máis novo dun lord do reino desdénha o negocio. Milord Townshend, ministro de Estado, ten un irmán que se contenta con ser comerciante na cidade.

En Francia o negociante oe falar tan a miúdo con desprezo da súa profesión que é o suficientemente parvo como para poñerse encarnado. Non sei, no entanto, que é máis útil a un Estado, un señor ben empoadado que sabe de xeito preciso a que hora o rei se levanta, a que hora se deita, e que ostenta aires de grandeza facendo o papel de escravo na antecámara dun ministro, ou un negociante que enriquece o seu país, dá desde o seu despacho ordes ás cidades de Surat ou O Cairo e contribúe á felicidade do mundo.

VOLTAIRE, *Cartas filosóficas*, 1734.

MONTESQUIEU (1689-1755)



- As leis e dereitos non son universais => Necesidade de adaptación segundo as circunstancias de cada pobo.
- Na Historia distingue 2 modelos de formas de goberno:
 - a) Despóticas → domina o medo: monarquía absoluta
→ útiles para países extensos
 - b) Moderadas
 - a) Republicanas: virtude e igualdade
 - b) Monárquicas: honor
- División de poderes (modelo inglés):
 - LEXISLATIVO: 2 cámaras
 - Cámara Baixa: burguesía e nobreza provincial.
 - Cámara Alta: nobreza alta, hereditaria.
 - EXECUTIVO: rei e ministros → capacidade de veto do rei
 - XUDICIAL: tribunais → control popular polo xurado.


Control recíproco entre poderes => garante da liberdade.

- Non loita contra o sistema → defende un “liberalismo aristocrático”

Nun Estado no que o home só ou unha soa corporación de próceres, de nobres, ou de pobo, administrase os tres poderes e tivese a facultade e facer leis, de executar as resolucións públicas e de xulgar os crimes e mailas disputas dos particulares, todo se perdería por completo. Os gobernos de case toda Europa son moderados porque o príncipe que administra os dous primeiros poderes deixa aos seus súbditos o exercicio do terceiro. Pero en Turquía, como os tres poderes están en máns do sultán, impera o despotismo máis espantoso. (...) Os príncipes que queren ser déspotas sempre comezan reunindo todas as maxistraturas neles mesmos: algúns reis de Europa acaparan todos os grandes cargos do Estado.

MONTESQUIEU, *O espírito das leis*, 1748.

ROUSSEAU (1712-1778)



Se se busca en que consiste o ben máis preciado de todos, e cal debe ser o obxectivo de toda lexislación, atoparemos que todo se reduce a dúas cuestións principais: a **liberdade** e a **igualdade**, e sen esta última, a liberdade non pode existir. Renunciar á liberdade é renunciar a ser home, aos dereitos e aos deberes da Humanidade (...).

A verdadeira igualdade non reside en que a riqueza sexa a mesma para todo o mundo, senón en que ningún cidadán sexa tan rico como para mercar a outro cidadán e que ningún sexa tan pobre que se vexa na obriga de se vender. Esta igualdade, dise que non pode existir na práctica. Pero se o abuso é inevitable, quere dicir con isto que debemos renunciar a regulalo? Como precisamente a forza das cousas tende sempre a destruír a igualdade, é necesario que a forza da lexislación tenda sempre a mantela.

J.J. ROUSSEAU, *O contrato social*.

- O estado de natureza é perfecto e nel reina a bondade humana.
 - No estado de natureza o home é bo porque é libre e igual.
 - Deseo de propiedade => fin da igualdade e da liberdade.
 - Civilización ≠ a progreso moral e cultural.

↳ Necesidade da **EDUCACIÓN**.

- **CONTRATO SOCIAL**: Acordo para crear un corpo social que protexa ao individuo dos intereses particulares.

- Home = **CIDADÁN** libre e soberano.
- Democracia directa en pequenas comunidades.
- Necesidade de representación en Estados grandes

- As leis nacen da **VONTADE XERAL** e garanten a liberdade e a igualdade.

↳ Renuncia dos intereses de cada un como individuo a favor dos intereses sociais do ben común.

↳ Vontade xeral ≠ vontade de todos porque cada un vota o que é mellor para a sociedade, non o que é mellor para el.

- República ideal: pequena, autárquica, formada por pequenos propietarios, con propiedade individual pero moderada.

Difusión das ideas ilustradas entre a nobreza francesa

Nós sentiámonos dispostos a seguir con entusiasmo as doutrinas filosóficas que profesaban literatos intelixentes, valentes. Voltaire arrastraba os nosos espíritos, Rousseau tocaba os nosos corazóns; sentiamos un secreto pracer en ver como atacaban unha vella construción que nos parecía anticuada e ridícula.


Tal era a cegueira dos príncipes e dos grandes: favoreceran o progreso das luces e desexaban unha obediencia pasiva que só pode existir no medio das tebras; pensaban, cousa imposible, que as luces da razón podían brillar e estenderse sen disipar as nubes dos prexuizos nados nos séculos da barbarie.

Chegara unha grande época, facíase necesaria unha arte diferente para gobernar aos homes, xa non se lles podía negar o gozo dos seus dereitos que por tanto tempo permaneceran esquecidos pero que homes como o inmortal Montesquieu lles fixeran recoñecer e atopar de novo. De calquera xeito, malia este amor pola liberdade que se manifestaba en Francia, a desigualdade existía aínda completamente no dereito, nas leis e nos privilexios; pero, de feito, íase atenuando cada día.

Henry Philipe, conde de Ségur, *Memoires ou souvenirs et anecdotes*, París, 1824.

A. SMITH (1723-1790)

- Interese individual motor das actividades económicas.
- Libre xogo da oferta e a demanda (*man invisible* do mercado).
- Non intervencionismo estatal en economía.



Cada individuo intenta atopar o medio máis axeitado para investir o capital do que pode dispoñer. O que, sen dúbida ningunha, propón todo o mundo, é o seu propio interese.


Xeralmente ninguén se interesa a priori por promover o interese público. (...) De certo, só se pensa nos beneficios propios, pero a miúdo estes negocios comportan melloras sociais que o individuo non previra.

Todo home, sempre que non viole as leis da xustiza, ten que ser perfectamente libre para elixir o medio que lle pareza mellor para conseguir o ideal de vida que quere e os seus intereses. (...)


Segundo o sistema da liberdade de negocio, o soberano só ten tres obrigas principais: a primeira é a de **protexer a sociedade da violencia e da invasión** por parte doutras sociedades independentes; a segunda, **protexer da inxustiza e da opresión** a un membro da República ante calquera outro que tamén sexa cidadán, e establecer unha xustiza exacta entre os seus pobos; e a terceira, **crear e manter certas obras e establecementos públicos**, non para o interese dun particular, ou duns cantos, senón que ten que ser **en interese de toda a sociedade**.

A. SMITH, *A riqueza das nacións*, 1776.

MALTHUS (1766-1834)



La teoría Maltusiana propone que la población crece geométricamente y las subsistencias solo aritméticamente.



La realidad es que la población mundial no ha crecido tan rápido comparado al poder productivo, este avanzando mucho más aprisa que la demanda de subsistencias. (Fuente: ONU)

Afirmo que a capacidade de crescimento da poboación é infinitamente maior ca a capacidade da terra para producir alimentos para o home. A poboación, se non encontra obstáculos, aumenta en progresión xeométrica. Os alimentos só aumentan en progresión aritmética. Basta con posuír as máis elementais nocións de números para poder apreciar a inmensa diferenza a favor da primeira destas dúas forzas.

MALTHUS, T.R., *Ensaio sobre o principio da poboación*, 1798.

Un home nado nun mundo xa ocupado, se non pode obter dos seus pais os medios de subsistencia que en xustiza lles pode pedir e se a sociedade non precisa do seu traballo para nada, non ten nin o máis mínimo dereito a reclamar sustento e, en realidade, está de máis. Non hai ningún cuberto dispoñible para el no gran banquete da natureza: esta mándalle que marche e non tardará en executar a devandita orde, se o home non pode recorrer á compaixón dalgún dos convidados ao banquete. Se estes se apertan un pouco para lle deixaren sitio, axiña se presentarán outros intrusos reclamando os mesmos favores. A noticia de que hai alimentos para todo o mundo enche a sala de numerosos postulantes. A orde e a harmonía do festín vense perturbados, a abundancia que reinaba anteriormente convértese en escaseza, e a ledicia dos comensais esváese ante o espectáculo da miseria e maila penuria que se apropian de todos os recantos da sala, e ante o clamor inoportuno daqueles que, con toda a razón, están furiosos de non atoparen os alimentos que se lles anunciaran.

T. MALTHUS, *Ensaio sobre o principio da poboación*, 1798.

O LIBERALISMO

Principios políticos

- Liberdades e dereitos individuais:
 - ✓ Liberdade de pensamento, asociación, culto, residencia, reunión...
 - ✓ Propiedade.
- Igualdade xurídica → Distinción entre dereitos civís (todos) e dereitos políticos (propietarios).
- Soberanía nacional e soberanía popular.
- Representación política e dereito de voto.
- Separación de poderes.
- División do liberalismo en 2 tendencias:
 - Doutrinario (soberanía nacional e sufraxio restrinxido).
 - Democrático (soberanía popular e sufraxio universal).

Institucións políticas

- Estado liberal de Dereito ⇒ Institucións sometidas ás leis que garantan os dereitos individuais.
 - Parlamentos ou Cámaras representativas (sistema bicameral/unicameral).
 - Constitucións escritas e declaracións de dereitos.
 - Estado-nación ⇒ Diferentes modelos:
 - ✓ Monarquía constitucional.
 - ✓ Monarquía parlamentaria.
 - ✓ República presidencialista.
 - ✓ República parlamentaria.
- ⇒ Organización territorial:
- Estado unitario.
 - Estado federal.

A soberanía popular entendida de forma limitada

O recoñecemento abstracto da soberanía do pobo non aumenta en nada a liberdade dos individuos e, se se lle atribúe unha amplitude indebida, pode perderse a liberdade.

Cando se afirma que a soberanía do pobo é ilimitada, estase creando e introducindo na sociedade humana un grao de poder demasiado grande que, polo mesmo, constitúe un mal, con independencia de quen o exerza.

A soberanía só existe dun modo limitado e relativo. Hai unha parte da vida humana que é, por natureza, individual e independente e que queda á marxe de calquera competencia social. Onde comeza a independencia e a existencia individual, detense a xurisdición da soberanía. Se a sociedade franquea esta liña, faise tan culpable coma o déspota; a sociedade non pode rebasar a súa competencia sen ser usurpadora. A vontade da maioría non abonda en todos os casos para lexitimar os seus actos. Faltaríalle a lexitimidade aínda que se tratase de toda a nación e fose un só cidadán o oprimido.

B. CONSTANT, *Principios de política*, 1815.

A participación política restrinxida aos propietarios

Para poder disfrutar do dereito electoral, requírese unha condición, ademais das prescricións acerca da cidadanía e da idade mínima. Esta condición é o tempo libre indispensable para adquirir os coñecementos e o criterio xusto. E unicamente a propiedade privada proporciona tempo libre, unicamente a propiedade privada pon aos homes en condicións de exercitar os dereitos políticos.

Cando os non propietarios teñen dereitos políticos, acontece unha destas tres cousas: ou actúan movidos polo seu propio impulso, e entón destrúen a sociedade; ou son movidos polos homes que están no poder e, neste caso, son instrumentos da tiranía; ou ben son os aspirantes ao poder os que os manexan e, neste caso, son instrumentos dunha facción. En consecuencia, é preciso establecer condicións de propiedade tanto para ser electores como para ser elixibles.

B. CONSTANT, *Principios de política*, 1815.

LIBERALISMO MODERADO

- Soberanía nacional limitada.
- División de poderes con interferencias entre eles.
- Sufraxio censitario.
- Liberdades individuais reducidas.
- Igualdade xurídica dos cidadáns.

LIBERALISMO RADICAL

- Soberanía nacional.
- Clara división de poderes.
- Sufraxio universal.
- Amplas liberdades individuais.
- Igualdade xurídica dos cidadáns.